


HUMANISMO

E REFORMA

HUMANISMO E RENACEMENTO



- NACEMENTO DA IDADE MODERNA
 - Recuperación demográfica e económica
 - Auxe da burguesía
 - Fortalecemento da monarquía
- O HUMANISMO
 - Humanistas
 - Expansión do Humanismo
- REFORMA PROTESTANTE
- A CONTRARREFORMA CATÓLICA

Nacemento da Idade Moderna.

Factores

- Recuperación demográfica e económica.
- Ascenso da burguesía.
- Fortalecemento da monarquía.
- Rexeitamento do pensamento medieval. Xurdimento do Humanismo.

RECUPERACIÓN DEMOGRÁFICA E ECONÓMICA




Incremento da POBOACIÓN
(cese de epidemias).
EXCEDENTES agrícolas.
Melloras na navegación
facilitan o COMERCIO.
Desenvolvemento da BANCA.

COMERCIO DAS ESPECIAS

A recuperación demográfica

Na Idade Moderna, a natalidade e a mortalidade eran altas, o que provocaba un lento crecemento natural. Ademais, eran frecuentes as crises de mortalidade debidas a epidemias, guerras, malas colleitas, grandes fames...

Malia todo, a **poboación europea creceu** no século XVI. (33) A mellora da economía propiciou o incremento dos matrimonios e da natalidade. Algunhas epidemias, como a da peste, reduciron a súa letalidade ao xeneralizarse medidas preventivas, como o illamento das persoas enfermas e os cordóns sanitarios nas localidades afectadas.




33. POBOACIÓN EUROPEA NO SÉCULO XVI

A produción agrícola

A Europa da Idade Moderna seguía sendo rural. Culti-vábanse principalmente cereais, pero nalgunhas re-xións tamén destacaban a vide, os produtos hortícolas e as plantas para obter tinturas.

O crecemento da poboación impulsou a **demanda de alimentos** e, en consecuencia, estes aumentaron os seus prezos. Para atender esta demanda crecente **explotáronse novas terras de cultivo**.

Nalgunhas zonas, a produción agrícola creceu porque se substituíu o barbeito pola **rotación de cultivos**. (30) Isto permitiu tamén dispoñer de forraxe para o gando e, por tanto, de máis fertilizantes naturais.



30. DO BARBEITO Á ROTACIÓN DE CULTIVOS

A expansión da artesanía

O crecemento da poboación e a chegada de metais preciosos desde América impulsaron a demanda de produtos artesanais. Por iso, a produción medrou.

Os gremios mantivéronse, pero expandiuse o **sistema doméstico**, organizado por mercadores-empresarios. Estes controlaban todas as etapas da produción e empregaban man de obra campesiña. Deste xeito, escapaban do control gremial porque as súas actividades se realizaban fóra das cidades. (29)

Na **construción naval**, na **fabricación de armas** e na **minaría** investíronse capitais e aplicáronse algunhas innovacións técnicas. Ademais, a **imprenta**, que xurdía como unha actividade nova, prosperou rapidamente.



29. **O SISTEMA DOMÉSTICO.** Un empresario mercaba materia prima e ferramentas e entregáballas a unha familia campesiña. (A) A familia realizaba na casa o produto nas épocas de menor traballo no campo. (B) O empresario recollía o produto rematado e comercializábao sen trabas gremiais. (C)

O desenvolvemento comercial e a actividade bancaria

As cidades europeas, especialmente as portuarias (Londres, Lisboa, Sevilla, Anvers, Valencia...), (31) creceron durante o século XVI e convertéronse en importantes centros económicos. Aínda que continuaron celebrándose grandes feiras comerciais, coma as de Medina del Campo ou Frankfurt, o comercio a longa distancia experimentou cambios.

- O tráfico comercial no Mediterráneo reduciuse. Os descubrimentos xeográficos potenciaron os intercambios comerciais, especialmente con América. A chegada de grandes cantidades de metais preciosos desde esas terras contribuíu ao crecemento económico xeral. (32)
- Desenvolveuse o comercio de escravos e escravas africanos, que creceu no século XVII.

As empresas comerciais cara a América e Asia requirían grandes investimentos de capital e supoñían un elevado risco, porque moitos barcos naufragaban durante o traxecto e outros perdían as mercadorías nos ataques de piratas e corsarios. Ante estes feitos, os comerciantes asociáronse en **compañías mercantís** para compartiren os beneficios e as perdas.

Ademais, as familias dedicadas á banca, como os Médici, en Italia, ou os Fugger e os Welser, en Alemaña, facilitaron o **crédito** aos comerciantes. Tamén se estendeu o uso de **cheques** e **letras de cambio**, documentos que permitían realizar transaccións sen dispoñer de diñeiro en efectivo. Xunto á banca privada, a partir do século XV creáronse **bancos públicos**. O primeiro foi a Taula de Canvi de Barcelona, en 1401.

AUXE DA BURGUESÍA

A sociedade continuou sendo **estamental**. Os estamentos privilexiados (**nobreza e clero**) non pagaban impostos directos e ocupaban os principais cargos.

As persoas que se dedicaban á **artesanía** e os pequenos **comerciantes** vivían de forma modesta. O **campesiñado** mellorou a súa situación en Europa occidental. Desapareceu a **servidume** e convertéronse en persoas libres, pero mantiveron unhas duras condicións de vida.

Nas cidades, as persoas enriquecidas grazas ao comercio, ás finanzas ou aos oficios que requirían formación universitaria ascenderon socialmente. Era unha **nova burguesía** en que sobresaíron os **comerciantes** e os **cambiadores**. Moitos participaban no goberno das cidades. Con todo, non posuían nin valores nin estilo de vida propios, pois o seu obxectivo era acercarse á nobreza e obter algún título.

FORTALECEMENTO DA MONARQUÍA

— Antes do século XV, os monarcas feudais viron diminuír o seu poder en favor da NOBREZA. Pero a finais da Idade Media, algúns reis e raíñas crearon monarquías fortes.

MONARQUÍA AUTORITARIA

Prescindiron ou limitaron o poder dos PARLAMENTOS para gobernar. Crearon EXÉRCITOS PERMANENTES e aumentaron os impostos para pagar ao exército e ao funcionariado.

Instauraron unha BUROCRACIA e FACENDA para controlar a ADMINISTRACIÓN e as FINANZAS do reino.

Crearon unha DIPLOMACIA para crear relacións entre países.

Exemplos: REIS CATÓLICOS, FRANCISCO I de Francia, HENRIQUE VIII de Inglaterra.



EUROPA A PRINCÍPIOS DO SÉCULO XVI

APRENDO A MIRAR

- Enumera os reinos que había no norte de Europa, os Estados que ocupaban a península itálica e os territorios que formaban o Sacro Imperio Romano Xermánico.
- Sinala quen gobernaba sobre as terras da península balcánica e da actual Turquía.
- Compara cun mapa actual. Que países de hoxe existían xa daquela?

O HUMANISMO

- CORRENTE CULTURAL europea no século XV, relacionada co RENACEMENTO artístico, que supuxo unha maneira nova de interpretar o mundo e que influíu na ciencia, na técnica, na relixión e na arte.
- Fronte ao **TEOCENTRISMO** medieval (a Igrexa situaba a DEUS no centro do mundo e daba resposta a tódalas preguntas), os humanistas recobraron os tratados políticos, filosóficos e científicos da ANTIGÜIDADE. Aprenderon LATÍN e GREGO e traduciron os clásicos a linguas VERNÁCULAS.
- O SER HUMANO sitúase de novo no centro da natureza (**ANTROPOCENTRISMO**), considerándoo un ser LIBRE e con capacidade de razoar.

REDESCUBRIMENTO DA ANTIGÜIDADE

A Liberdade e a razón

PROGRESO HUMANO

Interese científico

EDUCACIÓN

O Home novo

O antropocentrismo ou importancia do ser humano. Sen abandonar a fe, crían na intelixencia humana como instrumento do coñecemento.

A inspiración na literatura, filosofía e arte da Antigüidade. Tras a toma de Constantinopla (1453), moitos sabios gregos emigraron a distintas zonas de Europa, levando consigo textos clásicos.

Fronte ao latín, na literatura promoveron as linguas vernáculas ou propias de cada país.

O interese por alcanzar a verdade a través da razón e da experiencia. Observaban a natureza e analizaban a causa-efecto dos fenómenos. Sentaron as bases do método científico.

O individualismo, derivado do antropocentrismo. Manifestouse nas biografías de personaxes contemporáneos e narracións das vidas de personaxes da Antigüidade.

AVANCE DAS CIENCIAS

En astronomía, Nicolao Copérnico publicou en 1543 o libro *Das revolucions dos corpos celestes*, no cal desenvolveu a teoría heliocéntrica. (4) Esa teoría defendía que o Sol estaba no centro do universo e todos os planetas, incluída a Terra, xiraban arredor del. Pero, a Igrexa seguiu defendendo a teoría

xeocéntrica, que sostíña que a Terra estaba no centro do universo e o Sol xiraba arredor dela.



4. Representación da teoría heliocéntrica.


As viaxes e as exploracións contribuíron ao desenvolvemento da cartografía. Gerardus Mercator creou en 1569 unha das primeiras proxeccións cartográficas modernas e Abraham Ortelius publicou en 1570 *Theatrum Orbis Terrarum*, considerado o primeiro atlas da historia. (6)

6. Mapa incluído no *Theatrum Orbis Terrarum*.



En medicina, André Vesalio publicou en 1543 *Sobre a estrutura do corpo humano*, unha obra baseada na observación directa que supuxo un grande avance no coñecemento da anatomía humana. (5)

Outro avance significativo deuse en 1553, cando o médico e teólogo Miguel Servet expuxo o correcto funcionamento da circulación pulmonar do sangue, diferente do aceptado ata aquel momento.



5. Ilustración na obra de André Vesalio.



HUMANISTAS

- PETRARCA (precursor do humanismo).
- ERASMO DE ROTTERDAM (exemplo de humanista cristián).
- PICO DELLA MIRANDOLA (síntese da cultura clásica e cristiá).
- BALTASAR CASTIGLIONE (define o modelo do perfecto humanista).
- TOMÁS MORO (imaxina unha sociedade ideal).
- MAQUIAVELO (define o modelo do bo gobernante).
- VESALIO (practicou a anatomía para coñecer o funcionamento do corpo humano).
- COPÉRNICO (propuxo a teoría heliocéntrica).



Baltasar
Castiglione, obra
de Rafael

A EXPANSÃO DO HUMANISMO



O home de Vitribio, de Leonardo da Vinci

REFORMA PROTESTANTE

CAUSAS

- Luxo** esaxerado da xerarquía eclesiástica.
- Escasa cultura** e relaxación das costumes do clero.
- Compravenda de cargos eclesiásticos**, para obter beneficios económicos.
- Venda de **bulas e indulxencias**.

INDULXENCIAS: forma que ten a Igrexa de perdoar as penas de carácter temporal.

BULA: documento da Igrexa para concesión de privilexios ou para asuntos xudiciais ou administrativos.

LUTERANISMO

1517, MARTÍN LUTERO publica as 95 teses de Wittenberg (Alemaña). Nelas condenaba o enriquecemento da Igrexa, negaba o valor das indulxencias e defendía unha nova relixiosidade baseada en tres principios:

- SALVACIÓN POLA FE (só a fe en Deus permite a salvación eterna).
- AUTORIDADE DA BIBLIA, que debería ser lida e interpretada polos fieis, sen sacerdotes.
- SACERDOCIO UNIVERSAL.

O LUTERANISMO negaba a soberanía do PAPA, eliminaba as ORDES RELIXIOSAS e o CULTO ÁS IMAXES. Só dous SACRAMENTOS: BAUTISMO e EUCARISTÍA (COMUÑÓN).



Martín
Lutero



CALVINISMO

- Iniciouse en Suíza con CALVINO, e difundíuse por Francia (hugonotes), e Inglaterra (puritanos). En Escocia, John Knox fundou a IGREXA PRESBITERIANA.
- PREDESTINACIÓN: segundo esta teoría, uns están predestinados á salvación, e outros serán condenados.
- TRABALLO dignifica ao ser humano, e o éxito no traballo é sinal de salvación.

ANGLICANISMO

- Xurdiu en Inglaterra con HENRIQUE VIII, ao non concederlle o PAPA a anulación do seu matrimonio con CATALINA de ARAGÓN.
- En 1534 proclama a ACTA DE SUPREMACÍA, con cal se separa de Roma e se converte en xefe supremo da Igrexa de Inglaterra.
- Xerarquía eclesiástica sometida ao Estado.
- Dogmas e ritos semellantes aos católicos.

CONTRARREFORMA CATÓLICA

- CONCILIO DE TRENTO. Para frear a expansión do LUTERANISMO, Paulo III convoca un concilio entre 1545-1563. Reforma de numerosas ordes relixiosas, destacando a COMPAÑÍA DE XESÚS, fundada por San Ignacio de Loyola en 1540. Os xesuítas dependían directamente do PAPA.
- Creación do TRIBUNAL DA INQUISICIÓN para impedir a entrada do protestantismo nos países católicos. Tribunal que castigaba a quen se desviara dos dogmas da Igrexa. Xuízos públicos: AUTOS DE FE.
- GUERRAS RELIXIOSAS, ata que se impuxo a TOLERANCIA RELIXIOSA, mediante a PAZ DE AUGSBURGO de 1555.

- A salvación conséguese pola FE e polas BOAS OBRAS.
- SETE SACRAMENTOS.
- VULGATA, Biblia traducida ao latín por SAN XEROME, como única interpretación válida.
- Prohibición da venda das INDULXENCIAS.
- Creación de SEMINARIOS DIOCESANOS para formar ao clero.
- Obriga dos BISPOS de residir nas súas DIÓCESES.
- Obriga do clero de levar unha vida exemplar.
- Publicación do CATECISMO.